

# Na Festa de Santa Lucía de Lérez

Esther Casalderrey García.



Mosteiro de Lérez, (Zagala)

En tempos non moi afastados, santa Lucía era honrada en Lérez cunha festa moi animada, tanto relixiosa como profana. A ela asistían numerosos devotos que ansiaban curar cegueiras ou outras doenzas dos ollos, das que a santa de Siracusa era valedora.

Contaba miña avoa que, alá pola década dos anos vinte do século pasado, ela e mais dúas amigas acordaron acudir a esa festa. Así que trataron de facer uns abrigos para lucilos diante da

numerosa concorrencia e da santa "luz para o mundo" que tamén é patroa das costureiras. As tres eran de Lérez. Miña avoa chamábase Consuelo, da familia das Cañotas, vivía no Arco e andaba nas feiras tratando en galiñas e polos. Elisa nacera no Cruceiro e tamén andaba nas feiras, pero vendendo verduras e coles. A outra amiga, Juana a da Costa, vivía no Socorro e traballaba de costureira.

Nun comercio de Pontevedra, mercaron a cantidade de tecido de cor verde que pensaban que

lles era suficiente para as tres, pero realmente, resultoulles un pouco escasa. Así que Juana, que era a encargada de cortar e confeccionar os abrigos, despois de facer as tres probas de rigor, viuse na obriga de poñerlle ás mangas do gabán de Consuelo uns engadidos doutra tea de color diferente. Pois xa se sabe, cando non chega o pano entra en acción o siso da costureira.

Chegou o día da festa e, a pesar de que chovía, cousa frecuente no mes de decembro,

as mozas encamiñáronse cara a igrexa, subiron as escaleiras e accederon ó adro. Nada máis chegaren, convertéronse na admiración da nutrida concorrencia, o que non impidiu que elas fosen á misa e lucisen o seu garbo durante a procesión da santa cos ollos no prato.

Mentres tanto, a fantasía e a creatividade comezaron a funcionar. Un mestre, do que só sei que era coxo e que vivía no Socorro, ó tal ver e oír, compuxo unha canción nun instantiño, na honra das tres mozas e un coro improvisado cantóullela ó saíren da igrexa, despois de se recoller a procesión. A letra dicía así:

Elisa, Consuelo y Juana  
fueron a santa Lucía  
con los gabanes puestos  
con el mal tiempo que hacía.

REFRÁN:

No lo negarás, no, no,  
cosa que yo vi, si si.  
Llevaban la santa  
con los gabanes puestos  
para se lucir. (BIS)

Los tres gabanes eran  
del verde mismo color  
no siendo el de Consuelo  
que en bocamanga varió.

REFRÁN.

Elisa, Consuelo y Juana  
a santa Lucía fueron  
tan solo con el objeto  
de lucir la gabanada.

O tal mestre era afeccionado á poesía aplicada a grupos concretos de persoas. Así que, cando se fixo o edificio da Facultade de Medicina de Santiago, traballaron nel varios can-

teiros de Pontevedra, entre eles meu avó, Ramón García Caslderrey, e este mestre tamén lles dedicou outra canción que, curiosamente ten o mesmo refrán, para elegrarlles o retorno á súa vila.

Ahí viene la tuna abuela  
de picar la piedra,  
desde Santiago  
hasta Pontevedra.  
Ahí los vienen todos,  
ahí los vienen ya  
a pasar la fiesta de la navidad.

REFRÁN:

No lo negarás, no, no,  
cosa que yo vi, si si.  
Llevaban la santa  
con los gabanes puestos  
para se lucir. (BIS)

Pero a inventiva e o bo humor no eran privativos deste ensinante.

Non sei quen foi, pero alguén compuxo outra canción, adicada precisamente a ese mestre, que dicía:

El autor de estos cantares,  
un cojo de pata lista,  
poeta del siglo XX,  
cojo si, con mucha vista.

REFRÁN:

No lo negarás, no, no,  
cosa que yo vi, si si.  
Llevaban la santa  
con los gabanes puestos  
para se lucir. (BIS)

Tamén hai quen pensa que neste caso o autor puido ser o propio mestre, pois o estilo é semellante ós outros versos e teñen o mesmo refrán. Aínda que daquela, como non había dereitos de autor, vai ti saber.



A avoa Consuelo (esq.) coa súa familia